

TEMA 4: XEREMÍAS

Deus é o almendro que vela pola nosa vida

Xr 1, 4-12

"Non lles teñas medo pois eu estou contigo para te salvar"



Ambientación

A palabra de Deus é eficaz e pode sosternos cando nos sentimos chamados a colaborar nun proxecto liberador. Imos preparar o noso corazón para acollela, invocando ao Espírito que vén en axuda da nosa debilidade. Empezaremos recitando xuntos o **Salmo 67 (66): "Lóuvente os pobos todos"**.

Deus se apiade de nós e nos bendiga,
amósenos a luz da súa presenza.
Que se coñezan na terra os seus camiños
e en todos os pobos a súa salvación.

Lóente, Deus, os pobos,
lóente os pobos todos.

Alégrense e canten as nacións,
porque ti gobernas os pobos rectamente
e guías na terra as nacións.

Lóente, Deus, os pobos,
lóente os pobos todos.

O agro dá os seus froitos,
bendinos o noso Deus.
Que Deus nos bendiga e que o teman
os confíns todos do mundo.

Antes de comezar buscamos **Jr 1,4-12.**

Miramos a nosa vida

Paco é querido no pobo. Ten uns cincuenta anos e é funcionario. Vive sen abafos pero tamén sen grandes medios. O seu pobo, que é moi bonito, antigo e con grandes potencialidades, foise baleirando nos últimos anos... como moitos outros. Paco, ante esta situación, sempre foi un tipo lúcido para axuizar as alternativas do pobo e apuntar posibles saídas, pero unía á lucidez a falta de iniciativas prácticas. Sempre quedou en palabras, nunca deu un paso, nunca se arriscou a tentar cambiar as cousas. Por iso no pobo quérenos... e reprochánlle a súa falta de compromiso.

- *Que che parece da actitude de Paco?*
- *Ante os problemas familiares, laborais ou sociais sentímonos chamados a comprometernos? Como o vivimos? Temos medo?*

Escoitamos a Palabra de Deus

Se percorremos as páxinas da Biblia atopámonos con personaxes que foron chamados por Deus. Xeremías é un deles. O Señor pídlle que fale, no seu nome, nun momento difícil da historia do pobo de Israel: non é escoitado, os

seus compatriotas búrlanse del e os notables do pobo perségueno. O profeta, que perdeu o desexo de vivir, é sostido polo Señor que lle promete que estará vixiante e cumprirá a súa Palabra.

- Preparámonos para acoller a palabra de Deus cun **momento de silencio** e de apertura ao Espírito Santo que nos axudará nesta escoita.
- Un membro do grupo proclama **Xr 1,4-12**.

⁴A palabra do Señor veume dicir:

⁵Antes de que te sacara do seo da túa nai, mireite; antes de lle saíres das entrañas, consagrite; constituínte profeta para as nacións.

⁶Entón eu díxenlle:

-¡Ai, meu Señor, Deus! Repara en que non sei falar, que son un rapaz.

⁷Logo o Señor respondeume:

-Non digas: "son un rapaz", pois a onde eu te mande, irás; o que eu che ordene, dirás. ⁸Non lles teñas medo, Eu estou contigo para te salvar -é o Señor quen fala -.

⁹Alongou o Señor a súa man e tocou con ela na miña boca; logo díxome:

-Fíxate: poño a miña palabra na túa boca, ¹⁰mira que hoxe te fago inspector sobre as nacións e sobre os reinos, para arrincar e derrubar, para destruír e arruinar, para construír e plantar.

¹¹*A palabra do Señor veume de novo:*

-¿Que estás a ollar, ti, Xeremías?

Repuxen:

-Unha vara de amendoeira é o que estou ollando.

¹²*Volveume dicir o Señor:*

-Viches ben: eu estou alerta coa miña palabra para a cumprir.

• **Volvemos ler** a pasaxe lembrando o contexto no que vive Xeremías e o comentario á pasaxe que lemos previamente.

• Despois tratamos de responder xuntos ás seguintes cuestións:

- Que proxecto ten o Señor sobre a vida de Xeremías?*
- Que quere dicir que Deus o coñece, o consagra e o constitúe profeta das nacións?*
- Que obxección pon Xeremías á chamada de Deus? Cal é a resposta do Señor?*
- Que metáfora emprega o profeta para mostrar que o Señor está atento ao cumprimento da súa Palabra?*

Volvemos sobre a nosa vida

Xeremías proclamou a palabra de Deus durante unha época escura da historia de Israel. Non foi entendido nin seguido

polo seu pobo. Os seus considerárono covarde e traidor. Tamén nós, cando nos poñemos a escoita daqueles que viven inmersos no fracaso, cando escoitamos a chamada de Deus que nos anima a colaborar no seu proxecto de liberación, sentimos medo e inseguridade como o profeta. Moitas veces as persoas que nos rodean non nos apoian no noso proxecto de xerar vida, pero o Señor dinos: "Eu estou contigo para te salvar" (Xr 1,8).

- *Sentímonos acompañados por Deus nesa misión que El nos confiou? De onde sacamos forza para seguir adiante?*
- *Ata que punto somos capaces de recoñecer os signos que Deus pon no noso camiño para asegurarnos de que vela pola nosa vida?*

Oramos

Antes de comezar a reunión poñemos encima da mesa unha Biblia aberta e unha rama de almendro. Imos recoller agora en forma de oración o que nos suxeriu a lectura e a meditación desta pasaxe:

- Tentamos crear un clima de oración e lemos de novo **Xr 1,4-12.**
- Oramos persoalmente.

- Oramos comunitariamente. Podemos comezar presentando as chamadas que hoxe percibimos no noso mundo cando estamos atentos aos signos dos tempos. Nun segundo momento expresamos a que sentimos chamados nesta etapa da nosa vida.
- Podemos **acabar cantando**: "Me sedujiste, Yavé"
(<https://www.youtube.com/watch?v=ytXpG7QI>)

Me sedujiste, Señor, me sedujiste
y conquistaste con tu amor mi corazón
hasta lograr enamorarme, fiel tú fuiste
y sin reservas me entregaste tu amor

Me sedujiste, Señor, me sedujiste
y jamás nada me dio tanta felicidad
por la dulzura y el cariño que me diste
por tu Palabra y por tus ojos de bondad.

Y no me pude resistir, hoy donde quieras yo iré
a tu lado caminaré y hablaré siempre de tí
y te amaré y te amaré y te amaré, Señor
porque tú me has conquistado con tu inmenso amor.

Me sedujiste, Señor, me sedujiste
y conquistaste con tu amor mi corazón
hasta lograr enamorarme, fiel tú fuiste
y sin reservas me entregaste tu amor.

Me sedujiste, Señor, me sedujiste
y jamás nada me dio tanta felicidad
por la dulzura y el cariño que me diste
por tu Palabra y por tus ojos de bondad

Y no me pude resistir, hoy donde quieras yo iré
a tu lado caminaré y hablaré siempre de ti
y te amaré y te amaré y te amaré, Señor
porque tú me has conquistado con tu inmenso amor.

Arturo Giraldo

Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 105 a 119.